

BASES REGULADORAS DA CAMPAÑA

“A confianza de sempre, agasállate este Nadal”

1.- OBXECTO:

É obxecto das presentes bases regular as condicións nas que se vai a desenvolver a campaña “A confianza de sempre, agasállate este Nadal”

A dita campaña consistirá nun sorteo entre os clientes dos comercios do municipio de vales de compra para empregar nos establecementos adheridos á presente campaña.

2. DURACIÓN: A presente campaña desenvolverase durante o durante os meses de Decembro do 2024 e Xaneiro do 2025.

3. BENEFICIARIOS: Poderán adherirse a esta campaña, todos os establecementos comerciais do Concello de A Cañiza, que así o soliciten expresamente.

3.1 Os comerciantes interesados deberán formalizar a súa adhesión, debendo asinar unha solicitude de participación, así como, o compromiso de aceptar os vales de desconto obxecto de sorteo. Os comerciantes poderán pedir en calquera momento que o necesiten máis talonarios de rifas.

3.2 As rifas terán carácter gratuíto para os clientes e serán entregadas aos mesmos por cada comerciante por compras superiores a vinte euros (20 €), podendo sumar tickets de compras do mesmo establecemento ata acadar os 20 euros, por cada 20 euros de compra unha rifa ata un máximo de 5 rifas por cada ticket de compra.

4. CONTÍA DOS PREMIOS:

A cantidade total a repartir durante a campaña será de 4.000 (catro mil euros), dos cales, 500 euros son doados pola Asociación de Comerciantes da Cañiza, e os 3.500 euros restantes, con cargo á partida orzamentaria 334.48000 do orzamento vixente deste Concello.

Os sorteos realizaranse os **días 13 e 27 de decembro do 2024 e 10 e 24 de xaneiro do 2025**, distribuíndo, en cada sorteo, 20 premios de 50 euros en vales de 10 euros.



5.- FUNCIONAMENTO DOS SORTEOS:

5.1 O día antes de cada sorteo, ata as 15h, os comerciantes deberán entregar nas oficinas xerais do Concello as matrices correspondentes ás rifas distribuídas ata ese momento, que serán as que se empreguen para a realización de cada sorteo público. **AS MATRICES ENTREGADAS POSTERIORMENTE ENTRARÁN NO SEGUINTE SORTEO, EXCEPTO NO ÚLTIMO QUE QUEDARÁN ANULADAS.**

Os números premiados poderanse consultar, dende o día seguinte, na páxina web www.caniza.org.

5.2. As persoas que resulten premiadas, recollerán nas oficinas municipais os correspondentes vales de compra, debendo presentar o resgardo co número premiado, **xunto cos xustificantes da compra realizada unido ao mesmo.**

5.3. Os vales poderanse **empregar ata o día 28 de febreiro do 2025, nos establecementos adheridos**. O premiado deberá gastar na compra como mínimo o total do vale (10 euros), o vale non poderá ter devolución monetaria.

6. XUSTIFICACIÓN

En calquera momento durante a vixencia da presente campaña despois de efectuado o primeiro sorteo e ata un mes despois do prazo máximo para a utilización dos vales premiados, os empresarios adheridos achegarán ao Concello as correspondentes facturas xunto aos vales premiados que foran trocados no seu establecemento, e debendo facer constar expresamente nas facturas o concepto “CAMPAÑA CONFIANZA DE SEMPRE, AGASÁLLATE ESTE NADAL”, así como expresión do detalle do número total de vales trocados.

Os empresarios que nunca tiveran facturado ao Concello deberán achegar así mesmo unha copia do seu CIF e o Certificado da Conta Bancaria no que o Concello faralle o ingreso.

7. OBRIGA DE INFORMACIÓN

Os establecementos adheridos como beneficiarios das achegas, deberán subministrar ao Concello cando sexan requiridos para elo, a información que fora precisa aos efectos de facer as comprobacións que se estimen oportunas.

